







LUÍS SEOANE FIGURACIÓNS

Escolma, edición e estudo de
LINO BRAXE & XAVIER SEOANE



Deputación de A Coruña



XOHANA TORRES

O primeiro libro de Xohana Torres foi un de poemas, «Do Sulco», e, o derradeiro unha novela, «Adiós, María». Denantes desta, dúas obras de teatro, «A outra banda do Ibero», e «Un hotel de primeira sobre o río». Ensaia novas técnicas e trata de atopar arredor seu novos mundos aínda que éstos sexan o que se encerra nunha cidade, onde non ocorren mais cousas que as que pasan en calquer outra cidade de calquer parte, e, a que describe, pareza nosa, coma na da novela, mais polos nomes e porque se fala de emigrantes en Luxemburgo, en Alemaña, Francia, que por outras cousas.

Televisores, neveiras, grandes almacés, casas acollidas, ouxetos de importación, moitas crases de píldoras, moitas vitaminas, letras por pagare, discos de ritmos mozos, deterxentes, etc., etc., e grandes nomes universaes, Cassius Clay e Panteira Negra, por poñer dous dos mais sonados, e recetas como esta: «Unha carta axuda a erguer a paletilla», que poden mostrar a galegitude da obra pois pasan moitas cousas mais aínda en Galicia onde ás xentes continúan a caerlle as paletillas.

Xohana Torres revela un novo mundo na literatura galega moza aínda coa tenrura que cecáis compre e recurrido ás vegadas a un simbolismo que ten moito que ver cas obras de algúns escritores do pasado na súa cidade, ese misterioso O Ferrol, precursora en Galicia de moitas iniciativas, de moitas loitas, de vocación moi galega e envolta en brétemas, fumes industriaes e esquecementos, no norde.

(23-I-1972)